

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

4. Administración do Parlamento de Galicia

4.1. Axudas e bolsas

Incremento dunha bolsa de formación en xestión parlamentaria por vacante dunha das dúas bolsas en arquivo, biblioteca e documentación

Mediante acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 4 de xuño de 2020 aprobáronse as bases da convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia. Conforme ao disposto na cláusula primeira das anteditas bases, o obxecto da convocatoria é a concesión de oito bolsas individuais, das cales dúas corresponden a modalidade de formación en arquivo, biblioteca e documentación.

A resolución do letrado oficial maior do 10 de setembro de 2020 establece a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas neste procedemento de concesión de bolsas, na que se reflicte que, na modalidade de 2 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación, admítense unha única solicitude polo que quedará vacante unha das dúas bolsas.

O número de solicitudes admitidas (de maior a menor) por cada unha das modalidades establecidas é a seguinte:

- 1) formación en comunicación institucional (1 bolsa): 21
- 2) formación en xestión parlamentaria (1 bolsa): 20
- 3) formación en publicacións (2 bolsas): 16
- 4) formación en recursos humanos e contratación (1 bolsa): 10
- 5) formación en arquivo, biblioteca e documentación (2 bolsas previstas): 1
- 6) formación adicional reservada para persoas con discapacidade (1 bolsa): 1

Servizo de Asistencia Parlamentaria
Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



Na cláusula décimo primeira, apartado 4, das bases da convocatoria, establecece que as vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, a criterio da Administración parlamentaria, a un incremento do número de bolsas nas modalidades que rexistren maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de oito bolsas, recollendo que a súa cobertura, se fose o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

A bolsa de formación en comunicación institucional, que é a modalidade que máis aspirantes ten, incorpora xa a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade, por ter a única persoa solicitante esta especialidade. A segunda modalidade de bolsas que máis solicitudes ten é a de xestión parlamentaria.

Por todo iso, a Comisión de Valoración dos expedientes, constituída o 5 de outubro de 2020, proponse á Mesa do Parlamento de Galicia incorporar a bolsa de formación vacante na modalidade de arquivo, biblioteca e documentación á modalidade de xestión parlamentaria.

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

- 1.º) Incorporar a bolsa de formación vacante na modalidade de arquivo, biblioteca e documentación á modalidade de xestión parlamentaria.
- 2.º) Comunicarlles este acordo ao Servizo de Asistencia Parlamentaria, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior, a Intervención e Asuntos Económicos e publicalo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web institucional.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2020.10.15 10:09:14 +02'00'

Servizo de Asistencia Parlamentaria
Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos





Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 15/10/2020 10:09:14

